




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Muxía. Parroquias: San Xulián de Moraime. Extensión: 1,9 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Os montes Buitra e Cachelmo son dúas aliñacións graníticas orientadas de sur a norte entre as que transcorre o arroio Arnela encaixándose profundamente. As maiores pendentes localízanse nos acantilados de ladeira que continúan o val deste arroio, despois da súa desembocadura na praia de Arnela, chegando a alcanzar valores comprendidos entre o 30 e o 60%. Aínda que o cumo do Monte Buitra é relativamente chaira este penetra no mar formando potentes acantilados rochosos que no oeste presentan pendentes case sempre superiores ao 50%. Inclúe o EIX Depósito antigo costeiro de Arnela.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Reparte a súa extensión entre un granito hercíniano de dúas micas, de gran fino a medio e con megacristais, na banda oriental e na meridional da unidade, ademais de varios puntos do monte e costa da península do Cabo Buitra; e un granitoide migmático tamén hercíniano, en facies granítica homoxénea, no resto da unidade, é dicir, na maior parte da península do Monte Buitra e na enseada de Arnela. Aparece un dique de microgranito na ladeira oeste do Monte Cachelmo. O Cuaternario está representado polos depósitos antigos pleistocénicos das vertentes e a parte alta dos acantilados.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo de costa acantilada incluída dentro do dominio climático Cálido e Húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 14° C e a amplitude térmica sitúase entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións medias oscilan entre un mínimo de 1200 mm e un máximo de 1400 mm ao ano.

OS SOLOS

Tramo acantilado caracterizado polas ladeiras de forte pendente con gran parte da súa superficie ocupada por afloramentos do substrato granítico, polo que tan só se forman solos pobres e pouco evolucionados do tipo leptosol lítico e regosoles nas pendentes menos acusadas.


AS AUGAS

Situado entre os montes Buitra e Cachelmo, o arroio Arnela é o colector principal desta unidade, que verte as súas augas á praia de Arnela, nas Augas Costeiras próximas á Punta de Xaviña (20140).

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a unidade atópase dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte, e case toda pertence á ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte, exceptuando a ladeira existente máis ao sueste. O hábitat principal é o 1230 de acantilados mariños atlánticos. Os frecuentes desprendementos acumulan bloques e coiros na súa base onde pode aparecer o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariño acumulado. Nas vertentes existen amplos sectores de matogueiras secas costeiras do tipo 4030, breixeiras secas europeas e 4040, breixeiras secas atlánticas de *Erica vagans*, aínda que algúns se atopan degradados polos intentos de modificar o medio mediante plantacións forestais. Nos montes Buitra e Cachelmo existen afloramentos graníticos do grupo de hábitats 82, pendentes con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso predominante en Monte Buitra e Cachelmo é o forestal, aínda que hai tamén unha pequena zona dedicada ao cultivo. Nas vertentes da unidade atopamos matogueiras costeiras, mentres que na zona alta do arroio de Arnela e en ambas as dúas marxes do curso fluvial existe unha zona de arboredo de repoboación. Na fachada litoral, concretamente na marxe dereita do arroio, hai algunha parcela dedicada a prado.

MORFOLOXÍA

Non existe ningún asentamento nesta unidade, debido á súa abrupta orografía e difícil acceso.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Hai unha escasa rede viaria, sinalar que pola vertente oeste do monte Cachelmo cruza a C-5201, estrada que bordea toda a costa da comarca. Dende esta vía principal saen camiños rodados de terra con dirección cara á fachada costeira.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único patrimonio existente na unidade é o depósito do Alto das Pedras Miúdas, unha estrutura defensiva situada no alto do monte Cachelmo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase pola singularidade e beleza da súa fachada litoral de grandes acantilados con vertentes de fortes pendentes, co arroio Arnelas que discorre encaixado no val como divisor da unidade, recollendo as augas das ladeiras e vertendo na praia de Arnelas.

DINÁMICA DA PAISAXE

A morfoloxía e estrutura da paisaxe non sufriu modificacións, segue mantendo o seu estado natural e riqueza sen verse alterado por accións antrópicas. Na zona alta do arroio Arnelas dedícanse algunhas parcelas á plantación de árbores de repoboación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Estamos ante o Espazo de Interese Paisaxístico Monte Buitra e Monte Cachelmo, dada a súa importancia sobresaínte dende o punto de vista da súa representatividade como fito configurador da paisaxe. A unidade presenta importantes valores ecolóxicos, este feito fai que se atope incluída na súa maior parte no LIC-ZEPVN Costa da Morte. O seu principal atractivo son os seus grandes acantilados convexos con vexetación costeira autóctona (breixos) e o encaixado val polo que discorre o río Arnela ata desembocar na praia de Coídos do mesmo nome. As mellores visuais da unidade obtéñense dende o Monte Buitra.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS














A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



